

The image features a blue background with a hand pointing upwards. Overlaid on the hand is a network diagram consisting of several circular nodes connected by lines. Each node contains a stylized human figure icon. The text 'PLAN DIXITAL' is written in large, white, bold, sans-serif capital letters across the middle of the image.

PLAN DIXITAL

15027861 IESP Pedra da Aguia

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES Plurilingüe Pedra da Aguiña é un centro público de ensino dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades da Xunta de Galicia, no que se imparte a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria. Está situado na Rúa Curros, s/n, A Ponte do Porto (Camariñas).

O claustro de profesorado está integrado por 24 docentes e no centro cursan estudos 162 alumnas e alumnos procedentes dos concellos de Camariñas e Vimianzo, distribuídos en dous grupos por nivel educativo.

Enderezo electrónico: ies.pedra.aguia@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iespedraaguia/>

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O alumnado do IES Plurilingüe Pedra da Aguiña procede dos centros adscritos CEIP O Areal, de Camariñas, do CEIP Plurilingüe da Ponte do Porto e de escolas unitarias da contorna. Nos últimos anos tamén se adoita recibir algún alumnado procedente de fóra da comunidade autónoma ou do estranxeiro.

A principal actividade económica da poboación nas localidades costeiras é o traballo no mar (pesca de baixura e marisqueo). Camariñas conta tamén con destacadas empresas relacionadas co procesado de produtos mariños. Nas localidades de interior a economía familiar baséase na agricultura, o comercio, a construción, a artesanía do encaixe de palillos, etc. Nestes últimos anos está despegando con forza o desenvolvemento do turismo na zona. Porén, as aínda limitadas expectativas laborais na bisbarra levan a unha elevada taxa de emigración.

O nivel de formación e socioeconómico das familias é medio-baixo e en moitos casos non se valora suficientemente a educación como un dereito da infancia e unha necesidade para desenvolver o seu futuro nas mellores condicións.

Contribución do Plan dixital ó Proxecto educativo do centro.

O Plan dixital pretende conseguir que profesorado e alumnado utilicen ferramentas de uso cotiá na sociedade para ensinar e aprender doutro xeito, ó tempo que busca reducir a fenda dixital. Os obxectivos establecidos inicialmente para o Plan dixital son:

- Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital
- Dispoñer de asistencia técnica rápida e eficiente.
- Adaptar o espazo físico para facilitar o uso das tecnoloxías no ensino.
- Diseñar un protocolo de protección de datos adaptado ao centro.
- Adaptar actividades dixitais de aprendizaxe ás distintas necesidades do alumnado de incorporación tardía.

- Crear recursos dixitais.
- Empregar criterios básicos para a busca de información fiable en Internet.
- Mellorar a competencia dixital das familias.

Este plan debe encaixar nun contexto institucional máis amplo que é o Proxecto educativo do centro, estando en consonancia con el e sendo complementarios. Así, o Plan dixital contribúe á finalidade da ESO, que o centro fai propia, de desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico.
- Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información.

Na mesma liña, o PE pretende contribuír a desenvolver a competencia dixital, aquela que supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun contorno dixital. Require de coñecementos relacionados coa:

- Información: comprensión de como se xestiona a información e de como se pon á disposición dos usuarios. Supón tamén saber interpretar a información que se obtén, cotexar e avaliar o contido dos medios de comunicación en función da súa validez, fiabilidade e adecuación entre as fontes, tanto online como offline.
- Comunicación: supón tomar conciencia dos diferentes medios de comunicación dixital e os seus beneficios e carencias en función do contexto e dos destinatarios.
- Creación de contidos: en diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes), así como identificar os programas/aplicacións que mellor se adaptan ao contido a crear.
- Seguridade: implica coñecer os distintos riscos asociados ao uso das tecnoloxías e de recursos en liña e as estratexias para evitalos.
- Resolución de problemas: esta dimensión supón coñecer os dispositivos dixitais, os seus potenciais e as súas limitacións en relación coa consecución de metas, así como saber onde buscar axuda para a resolución de problemas teóricos e técnicos.

Contribución á PXA

O Plan dixital vaise desenvolver de xeito progresivo, cunha temporalización programada anualmente. En cada curso será revisado e actualizado, axeitando os obxectivos á realidade do momento. Eses obxectivos deben ser incorporados á PXA. Na memoria anual recollerase a consecución dos obxectivos previstos para o curso.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O deseño do Plan Dixital de centro realizouse conforme á seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O presente Plan dixital de centro foi deseñado por un grupo de traballo integrado polos catro docentes que formaban parte do grupo de dinamización do plan dixital. Os compoñentes do grupo asistiron á formación ofrecida polo equipo mentor de zona, aplicaron as ferramentas de toma de datos proporcionadas pola consellería e analizaron a información obtida para identificar debilidades no centro, marcar obxectivos orientados a eliminarlas e determinar unha estratexia de actuación para acadalos:

- Primeiro trimestre: empregouse a ferramenta SELFIE para avaliar o estado de dixitalización do centro. O mentor ADIX acudiu ó centro para ofrecer asesoramento sobre o proceso.
- Segundo trimestre: o profesorado realizou o Test de competencia dixital docente (TCDD). Sobre a información extraída de SELFIE e TCDD realizouse unha análise DAFO, axudados pola formación recibida por videoconferencia por parte do ADIX de Vimianzo. Así mesmo, o mentor ADIX acudiu ó centro para proporcionar asesoramento sobre o proceso.
- Terceiro trimestre: tras recibir tamén formación ó respecto videoconferencia a cargo de ADIX Vimianzo), deseñouse o plan de acción para acadar obxectivos identificados a partir do DAFO coma prioritarios. Finalmente, redactouse o Plan dixital. Nestes puntos, deseño do plan de acción e do plan dixital, recibimos de novo asistencia por parte do mentor ADIX.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital:

- Conexión cableada en tódalas dependencias do centro.
- RAC provisto de servidor de datos para o centro.
- Wifi abalar en tódalas instalacións do centro (agás ximnasio e patio).

- Conexión telefónica en dependencias de dirección, administración e servizos, conserxería e sala do profesorado.

Equipamento:

- O centro está integrado no proxecto E-Dixgal, polo que todo o alumnado conta cun convertible que leva para casa e na aula de cada grupo hai ordenador para o profesorado, proxector e pantalla dixital interactiva.
- Contamos con dúas aulas de informática con 24 ordenadores coa maqueta abalar libre instalada e proxector.

Servizos dixitais educativos:

- O centro dispón dunha páxina web onde se publican notificacións de interese para a comunidade educativa e se dá difusión ás actividades que se realizan.
- Na web hai ligazóns á aula virtual, ó EVA de E-Dixgal e a Agueiro.
- Titorías e familias usan abalarMobil para notificacións, xustificación de faltas, petición de citas, etc.

Xestión do mantemento do equipamento:

As incidencias informáticas comunícanse á dinamizadora do uso das TIC a través dun formulario aloxado na web. Se é posible, encárgase ela de solucionarlas, se non:

- Equipamento E-Dixgal: comunícanse ó servizo Premium.
- Infraestrutura de rede e datos e outra dotación da consellería: comunícanse á UAC.
- Equipamento propio: derívanse ó técnico informático contratado polo centro, que visita as instalacións semanalmente.

Protocolos do centro relacionados coas TIC:

- Calendarios de reserva de aulas de informática:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespedraaguia/taxonomy/term/223>
- Formulario de comunicación de incidencias:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespedraaguia/taxonomy/term/337>
- Guías TIC e instrucións para o profesorado:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespedraaguia/taxonomy/term/224>
- Información TIC para o alumnado:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespedraaguia/taxonomy/term/232>
- Programa de educación dixital: plan de integración das TIC e proxecto E-Dixgal:
<https://bit.ly/39zN6qu>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- Empregouse a ferramenta de **autoavaliación SELFIE** para obter un informe da situación de partida do centro en canto á súa dixitalización, cos seguintes resultados, nunha escala de 1 a 5:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		ESO
A- Liderado	Equipo directivo	3,9
	Profesorado	3,7
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo directivo	4,2
	Profesorado	3,2
	Alumnado	2,8
C- Infraestruturas e equipos	Equipo directivo	4,2
	Profesorado	3,8
	Alumnado	3,7
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo directivo	4,6
	Profesorado	4,3
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e recursos	Equipo directivo	4,2
	Profesorado	3,9
	Alumnado	3,8
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo directivo	3,7
	Profesorado	3,1
	Alumnado	3,2
G- Prácticas de avaliación	Equipo directivo	3,8
	Profesorado	3
	Alumnado	3,1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo directivo	4
	Profesorado	3,4
	Alumnado	3,3

- O profesorado realizou o **Test de competencia dixital docente** (TCDD) para coñecer o nivel actual no centro. No Pedra da Agua o cambio de profesorado cada curso pode chegar a supoñer case a metade do claustro, polo que os seguintes resultados, empregados para a análise DAFO, poden non axustarse totalmente á situación real do curso en que se aplique o Plan dixital.

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	12	14	85,7%
PROVISIONAL	3	6	50%
INTERINO	3	3	100%
SUBSTITUTO	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
72,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	73,8	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	5,3%
A2	6	31,6%
B1	9	47,4%
B2	3	15,8%
TOTAL	19	

- **Observación directa** por parte dos membros do grupo de traballo do Plan dixital de aspectos que se consideraron relevantes para o centro e non estaban incluídos nas ferramentas de avaliación anteriores.

2.3. Análise DAFO

A partir do informe SELFIE, o TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da súa realidade no eido dixital e facilita o establecemento das liñas fundamentais do Plan dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

Os datos proporcionados polo SELFIE ás veces son sesgados, polo que, en caso de evidente discrepancia nos resultados, tívose en conta a avaliación do profesorado por enriba da do equipo directivo e o alumnado, segundo a categoría.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	<p>C1: A infraestrutura dixital do centro apoia ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>O centro conta con:</p> <p>C2: Dispositivos dixitais para a docencia.</p> <p>C3: Acceso a Internet.</p> <p>C8: Dispositivos dixitais para o alumnado.</p> <p>C10: Convertibles do programa E-Dixgal para tódolos niveis, equipos que o alumnado leva para casa.</p> <p>- Dúas aulas de informática ca maqueta abalar libre.</p> <p>PE2: O equipo directivo promove o software libre no ámbito educativo.</p>	<p>C5: A asistencia técnica non sempre está dispoñible no noso centro cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>C14: No noso centro hai espazos físicos que non facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais (pantallas colocadas na aula de xeito que non son visibles para todo o alumnado).</p>

PERSOAL DOCENTE

B2, SMT4: O profesorado comenta as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais. Séntese seguro no seu manexo para impartir as clases.

D1, D2: O equipo directivo reflexiona co profesorado sobre as necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais e este manifesta ter acceso a FPC sobre este tema.

E2, E3, E5: O profesorado crea recursos dixitais, emprega contornas virtuais de aprendizaxe e recursos educativos abertos.

E4, SMT2: Emprega as tecnoloxías dixitais para as comunicacións relacionadas co centro e séntese seguro no seu manexo.

F1: Utiliza tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individ. do alumnado.

PE1, PPE2: O profesorado participa en actividades formativas organizadas pola Administración para actualizar as súas competencias dixitais e no Plan de formación no centro.

O profesorado atopa útil:

- **DPC1, DCP2:** a formación fóra do centro, presencial ou en liña.
- **DPC3, DPC4:** a formación a través de cooperación e desenvolvemento profesional a través de redes profesionais.
- DPC6:** a actividade de formación interna (ex.: formación a cargo coord. TIC, observar como traballan os compañeiros, etc.)

A4: O profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais.

- Non emprega as tecnoloxías dixitais co alumnado para:
 - **F3:** fomentar a súa creatividade.
 - **F5:** facilitar a súa colaboración.
 - **F6:** fomentar a súa participación en proxectos interdisciplinares.
 - **G1:** avaliar as competencias.
 - **G3:** darlles retroalimentación.
 - **G5:** que reflexione sobre a súa aprendizaxe.
 - **G6:** que poida comentar o traballo dos seus compañeiros.
 - **G8:** documentar a súa aprendizaxe

G10: Non valora as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro.

PE5: Non valora suficientemente as vantaxes do software libre no ámbito educativo aínda que dispoñan e fagan uso deste tipo de ferramentas no centro.

ATIC1: Empeza a empregar as tecnoloxías dixitais ó mesmo tempo que a maioría dos compañeiros.

TCDD, SMT1, SMT3, UTC1: O uso das tecnoloxías dixitais no centro vese limitado pola insuficiente competencia do profesorado e falta de seguridade para:

- deseñar e crear contidos dixitais, modificalos, xestionalos e protexelos, e compartilos respectando a propiedade intelectual.
- avaliar e retroalimentar con tecnoloxías dixitais.

E-Dixgal:

- O profesorado non está satisfeito co material das editoriais dixitais.
- Parte do profesorado está preocupado polo mal uso que algún alumnado fai dos convertibles durante as clases.

<p>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</p>	<p>A2: O equipo directivo implica ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.</p> <p>A3: O profesorado conta co apoio do equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinar con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C11: Identificamos con rapidez as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</p> <p>C12: Temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica.</p> <p>C15: No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais ten acceso ás tecnoloxías de apoio.</p> <p>C16: No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe.</p> <p>H10: O equipo directivo garante que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias.</p> <p>PE1: O centro só ofrece servizos educativos corporativos (web, aula virtual, videoconferencia, correo electrónico corporativo...) para difundir información sobre o centro.</p> <p>PE2: O centro promove a creación conxunta de coñecemento mediante a organización dun Plan de Formación en centros.</p>	<p>A1: No noso centro non temos unha estratexia dixital</p> <p>B1: Non avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>B3: Non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.</p> <p>C7: No noso centro non existen sistemas de protección de datos.</p> <p>C14: No noso centro hai espazos físicos que non facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.</p>
--------------------------------------	---	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>C1: No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>C2: O centro dispón de dispositivos dixitais que o profesorado pode utilizar no seu traballo como docente.</p> <p>C3: O noso centro ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe.</p> <p>C16: No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Renovación frecuente dunha parte importante (ata a metade) do cadro de persoal. • Carga burocrática do profesorado, que resta tempo do labor docente e a formación individual • Moito do profesorado con materia incluída no proxecto E-Dixgal non está satisfeito co material ofertado polas das editoriais.
	LEXISLACIÓN	Obrigatoriedade de deseño dun plan de educación dixital de centro no que se recollan accións orientadas a mellorar as debilidades detectadas.	<p>A5: Non sempre respectamos os dereitos de autor e utilizamos licenzas cando empregamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe.</p> <p>C7: No noso centro non existen sistemas de protección de datos.</p>
	CONTORNA	<p>C11: No noso centro contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</p> <p>O alumnado conta con dispositivos dixitais propios fóra do centro.</p> <p>Temos apoio do Concello para levar adiante iniciativas de diferente natureza.</p>	<p>UTIC2, UTIC3: O uso de tecnoloxía dixital na casa por parte do alumnado vese limitado pola calidade do servizo de internet.</p> <p>A competencia dixital das familias é bastante mellorable.</p>
	ANPA	Moitas familias explicitaron a súa disposición a participar en actividades do centro así como en encontros periódicos para tratar temas educativos.	Non hai ANPA no noso centro.

	<p>OUTRAS ENTIDADES</p>	<p>B3: No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións. Os medios de comunicación e entidades da zona teñen boa disposición para difundir as accións que levamos a cabo no centro.</p>	<p>B3: No noso centro non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.</p> <p>Falta de info. por parte dos centros de primaria adscritos sobre o desenvolvemento do alumnado en cada unha das áreas curriculares.</p>
--	--------------------------------	---	---

3. Plan de Acción

Realizada a análise DAFO da situación dixital do centro en base ós datos proporcionados polas ferramentas de avaliación, establecéronse unha serie de obxectivos prioritarios a partir das debilidades detectadas e tendo en conta as fortalezas atopadas e, para acadar eses obxectivos, definiuse un plan de acción.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos que se estableceron coma prioritarios no Plan dixital para o vindeiro curso 2022-2023 foron:

1. Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital

A falta de colaboración con organizacións externas ó centro foi detectada como debilidade no DAFO. De acordo con esta diagnose, pensamos que a formación para acadar a competencia dixital non debe quedar restrinxida ó ámbito puramente académico nin ó horario escolar. Así, propoñemos:

- Formación para o alumnado proporcionada por axentes externos ó centro, para evitar prexuízos cara á mensaxe que se lles pretende facer chegar, derivados das relacións alumnado-profesorado creadas pola convivencia diaria na aula.
- Formación para as familias fóra do centro para, ademais de mellorar a súa competencia dixital, transmitir a idea de que a forma en que interactúen co e no mundo dixital os seus fillos e fillas tamén é responsabilidade dos seus proxenitores e non deben delegar completamente no centro de ensino a educación neste ámbito.

2. Dispoñer de asistencia técnica rápida e eficiente

No centro contamos cun formulario para comunicación de incidencias aloxado na web e con envío directo da información recollida á dinamizadora do uso das TIC e ó servizo técnico contratado. Aínda que o profesorado manifestou estar satisfeito con como se resollen as incidencias, o certo é que o técnico de mantemento visita as instalacións unha vez á semana, polo que, se a dinamizadora non é quen de resolver, pode atrasarse moito a posta a punto dos equipos. Pola demora nas actuacións, a posibilidade de pedir asistencia á UAC non é viable para as múltiples incidencias que no día a día xorden nun centro. Propoñemos, por tanto, que sexa a consellería quen

asuma, igual que o fai no caso dos equipos do programa E-dixgal, unha asistencia técnica áxil para o equipamento dos centros.

3. Adaptar o espazo físico para facilitar o uso das tecnoloxías no ensino

Durante este curso, no que pola emerxencia sanitaria derivada da Covid-19 houbo que manter distancias de seguridade e non foi posible o agrupamento flexible do alumnado dentro da aula, fíxose evidente a necesidade de reubicar as pantallas dixitais interactivas, xa que na maioría das aulas existe unha zona cega dende a que o alumnado nela situado ten enormes dificultades para facer seguimento das proxeccións que se realicen. Solicitarase asistencia á UAC para que esta situación estea solucionada ó comezo das clases do novo curso, de xeito que todo o alumnado o poida desenvolver en igualdade de condicións.

4. Diseñar un protocolo de protección de datos adaptado ao centro

Necesidade detectada a través do DAFO, cremos que son precisas como actuacións:

- unha análise de como se está a actuar no noso centro no que respecta ó tratamento de datos sensibles.
- a aplicación da normativa xeral ó noso centro a través do deseño dun protocolo que, de xeito claro e práctico, guíe á comunidade educativa para non cometer mala praxe neste ámbito derivada do descoñecemento.

5. Crear recursos dixitais

A través do DAFO e o TCDD fíxose evidente que o profesorado non se considera coa confianza suficiente para empregar os seus propios recursos dixitais na docencia, polo que se proporá continuar no PFPP do curso 2022-2023 con formación orientada á creación de contidos dixitais e o manexo de EVA de E-dixgal e aula virtual.

6. Adaptar actividades dixitais de aprendizaxe ás distintas necesidades do alumnado de incorporación tardía

No SELFIE o profesorado reconece carencias no emprego das tecnoloxías dixitais para adaptarse ás necesidades deste tipo de alumnado. Coas accións previstas búscase sistematizar o proceso de acollida e que a adaptación dos materiais dixitais ás necesidades do novo alumnado sexa eficaz e áxil, para que dispoña o antes posible dos recursos necesarios que lle permitan o bo seguimento do curso.

7. Empregar criterios básicos para a busca de información fiable en Internet

A era dixital trouxo da man a era da desinformación, con tódalas súas consecuencias negativas, tanto a nivel individual coma para a sociedade no seu conxunto. O alumnado debe aprender a filtrar a información dixital á que ten acceso, sendo quen de reconecer a fiabilidade das fontes que a proporcionan. Neste sentido, propóñense accións encamiñadas a deseñar unha guía básica con criterios para a busca de información fiable e á realización de actividades na aula para poñela en práctica.

8. Mellorar a competencia dixital das familias

Identificada no DAFO a competencia dixital das familias coma unha das debilidades do centro, establécense accións encamiñadas a:

- que as familias asuman a súa responsabilidade na educación dos seus fillos e fillas para un bo uso dos dispositivos dixitais.
- Proporcionar ás familias unha formación dixital básica, á que en moitos casos non tiveron acceso, que lles permita supervisar a actividade académica dos seus fillos e fillas e mesmo asistilos se fora preciso.

Nas táboas que se recollen a continuación detállanse os indicadores de logro para cada obxectivo e as accións propostas para acadalo.

Área de mellora: COLABORACIÓN E REDES (B)						
OBXECTIVO 1:	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital (B3*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de dinamización do Plan dixital				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Número de colaboracións con outras entidades					
Valor de partida	1 charla no curso 21/22 (Plan director Garda Civil)					
Valor previsto e data	3 colaboracións (charlas, videoconferencias, obradoiros, etc.)			30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Solicitar charlas do Plan director da Garda Civil e Policía Nacional sobre Novas Tecnoloxías	Responsable de dinamización do plan dixital	7/9/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar ó Concello a organización de formación dixital para as familias: manexo básico das TIC, condutas adictivas no uso das TIC, etc.	Equipo directivo	30/9/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Contactar con outras entidades para actividades (charlas, videoconferencias, obradoiros) sobre diferentes aspectos relacionados coas TIC: seguridade, aplicacións, igualdade, adiccións, etc.	Responsable de dinamización do plan dixital	22/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*B3: Colaboracións)

Área de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS (C)						
OBXECTIVO 2:	Dispoñer de asistencia técnica rápida e eficiente. (C5*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo + Responsable de dinamización TIC				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Existe un servizo áxil para resolver incidencias técnicas do equipamento dixital, incluído o adquirido polo propio centro.					
Valor de partida	Servizo inexistente					
Valor previsto e data	O servizo créase			23/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Enviar solicitude formal do servizo desde o IES dirixida a AMTEGA e á Consellería.	· Equipo directivo · Responsable de dinamización TIC	7/9/2022	Correo electrónico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*C5: Asistencia técnica)

Área de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS (C)						
OBXECTIVO 3:	Adaptar o espazo físico para facilitar o uso das tecnoloxías no ensino. (C14*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo + responsable de dinamización TIC				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Número de pantallas dixitais colocadas na aula de forma correcta.					
Valor de partida	8 das pantallas dixitais que hai no centro están colocadas de xeito que parte do alumnado do grupo non as pode ver correctamente.					
Valor previsto e data	As 10 pantallas dixitais que hai no centro están correctamente colocadas.			7/9/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Solicitar dotación para aulas que funcionan como Edixgal, pero non contan co equipo correspondente.	Equipo directivo	30/6/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Solicitar asistencia técnica á UAC para reubicación de pantallas nas aulas.	Equipo directivo	30/6/22	Persoal da UAC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Reubicar as pantallas de xeito que sexan visibles para todo o alumnado.	Equipo directivo	7/9/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*C14: Espazos físicos)

Área de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS (C)							
OBXECTIVO 4:	Deseñar un protocolo de protección de datos adaptado ao centro. (C7*)					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo + responsable de dinamización do plan dixital					Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Existe un protocolo de protección de datos adaptado ao centro. (Instrumento: memoria anual)						
Valor de partida	Non existe						
Valor previsto e data	Deséñase					11/4/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO4.1: Avaliar como se realiza o tratamento de datos sensibles no centro.	· Equipo directivo · Responsable de dinamización do plan dixital	20/12/2022	· Enquisa ó profesorado e ó persoal non docente · DAFO · Protocolo consellería · Asesoría AMTEGA		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2: Deseñar un protocolo de tratamento de datos adaptado ao centro.	· Equipo directivo · Responsable de dinamización do plan dixital	20/3/2023	· Resultados enquisa · DAFO · Protocolo consellería · Asesoría AMTEGA		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.3: Presentar o borrador do protocolo ó claustro e ó consello escolar para a súa revisión e envío de achegas, de ser o caso.	· Equipo directivo	31/3/2023	· Correo electrónico · Ordenador e proxector		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.4: Difundir o protocolo entre a comunidade educativa: profesorado, familias.	· Equipo directivo · Responsable de dinamización do plan dixital	11/4/2023	· Páxina web do centro · abalarMóbil		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

(*C7: Protección de datos)

Área de mellora: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS (E)							
OBXECTIVO 5:	Crear recursos dixitais. (E2*)					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección					Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Número de recursos creados polo profesorado participante no PFPP.						
Valor de partida	0 recursos dixitais creados por cada docente que participa no PFPP.						
Valor previsto e data	5 recursos dixitais creados por cada docente que participa no PFPP.				20/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO5.1: Solicitar un PFPP cunha liña de acción de creación de recursos dixitais.	Equipo directivo	30/10/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.2: Crear recursos dixitais.	Profesorado participante no PFPP	31/3/2023	<ul style="list-style-type: none"> Software específico AV do CFR 		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.3: Aplicar na aula, a través do EVA de Edixgal ou da AV, as actividades creadas.	Profesorado do PFPP	20/6/2023	<ul style="list-style-type: none"> Recursos creados AV 		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

(*E2: Creación de recursos dixitais)

Área de mellora: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F)							
OBXECTIVO 6:	Adaptar actividades dixitais de aprendizaxe ás distintas necesidades do alumnado de incorporación tardía. (F1*)					Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura do departamento de Orientación					Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Número de actividades adaptadas por materia ao remate do mes de incorporación ao centro do alumno/a						
Valor de partida	0 actividades adaptadas en todas as materias implicadas						
Valor previsto e data	3 actividades adaptadas en todas as materias implicadas				Un mes despois da incorporación da/o estudante		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO6.1: Convocar reunión do dep. de orientación para a selección das competencias nas que se fará adaptación e as materias implicadas.	Xefatura do departamento de orientación	Na semana de incorporación do alumno/a ao centro	Expediente do alumnado e outros informes individualizados.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO6.2: Convocar reunión do departamento de orientación co equipo docente para a selección de actividades ou contidos a adaptar.	Xefatura de estudos	Semana seguinte á incorporación do alumnado ao centro	· Competencias seleccionadas na reunión anterior. · Programacións das materias.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO6.3: Adaptar os contidos ás necesidades do alumnado.	Docente da materia	Dúas semanas despois da reunión previa da AO6.2	Software específico para a adaptación, de ser o caso. (Posibilidade de formación específica)		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO6.4: Implementar as adaptacións na aula virtual de cada materia.	Docente da materia	Dúas semanas despois da reunión previa da AO6.2	Contidos/actividades adaptadas creados.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

(*F1: Adaptación ás necesidades do alumnado)

Área de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)							
OBXECTIVO 7:	Empregar criterios básicos para a busca de información fiable en Internet. (H5*)					Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable de dinamización do Plan dixital					Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Porcentaxe de alumnado que emprega criterios de avaliación da fiabilidade dun recurso web. (Instrumento: proba)						
Valor de partida	O 50% do alumnado non diferencia fontes de información fiables en Internet						
Valor previsto e data	O 80% do alumnado supera unha proba sinxela de aplicación de criterios de busca de información fiable.					20/6/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO7.1: Elaborar unha guía básica para o alumnado para avaliar a fiabilidade de fontes e recursos dixitais.	· EDPD · Biblioteca	20/12/2022	· Ordenadores · Acceso a Internet · Traballo en equipo		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO7.2: Difundir o contido da guía: · Alumnado e profesorado: publicar a guía no EVA de Edixgal, na AV e na web. · Familias: informar a través de abalarMobil da súa publicación na web.	Responsable dinamización TIC	10/1/2023	Ferramentas dixitais da Consellería		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO7.3: Realizar en cada materia algunha actividade de investigación que traballe a fiabilidade das fontes e contidos na rede apoiándose na guía elaborada.	Todo o profesorado, coordinado a través da CCP.	1/5/2023	· Ordenadores · Acceso a Internet · Guía de criterios de avaliación de recursos web		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO7.4: Diseñar unha pequena proba práctica ca que avaliar a capacidade do alumnado para recoñecer a fiabilidade de contidos da rede.	Equipo de dinamización do Plan dixital	15/5/2023	· Ordenadores, internet. · Guía de criterios de avaliación de recursos web · Aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO7.5: Aplicar a proba ao alumnado.	Titorías	31/5/2023	· Ordenadores · Acceso a Internet · Aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO7.6: Analizar os resultados e reorientar a estratexia, de ser o caso, cara ó seguinte curso.	Responsable de dinamización do PD	20/6/2023	· Ordenador · Resultados da proba		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

(*H5: Verificar a calidade da información)

Área de mellora: FACTORES NEGATIVOS PARA APRENDIZAXE MIXTA						
OBXECTIVO 8:	Mellorar a competencia dixital das familias.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de dinamización do Plan dixital				Non acadado	
INDICADORES DO OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> · Porcentaxe de familias que empregan abalarMóbil para a comunicación coa titoría (Instrumento: formulario de recollida de datos a través das titorías). · Porcentaxe de familias que participan na formación sobre ferramentas educativas que emprega o alumnado. 					
Valor de partida	<ul style="list-style-type: none"> · 80% das familias empregaron abalarMóbil no curso 2021/22. · 15% das familias participaron na formación dixital ofrecida polo centro no curso 2021/22. 					
Valor previsto e data	<ul style="list-style-type: none"> · 100% das familias empregan abalarMóbil. · 33% das familias participan na formación dixital ofrecida polo centro. 			31/5/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO8.1: Solicitar ó Concello a oferta fóra do centro de charlas ou xuntanzas formativas para orientar ás familias na educación dos seus fillos para un uso non nocivo dos dispositivos dixitais: adicción ás redes ou ó xogo, acoso, bulos, etc.	Responsable de dinamización do Plan dixital	30/9/2022	<ul style="list-style-type: none"> · Correo electrónico · Representante do concello no consello escolar 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Realizar coas familias, aproveitando a reunión cos responsables de cada titoría ó inicio de curso, unha sesión de MOSTRA de: - ferramentas dixitais educativas que usarán os seu fillos - abalarMóbil - páxina web do centro	Responsable de dinamización do uso das TIC	31/10/2022	Equipo informático e proxector Conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Realizar dúas sesións de FORMACIÓN sobre os elementos introducidos no punto AO8.2	Responsable de dinamización do Plan dixital	20/12/2022	Formación do CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Equipamento:

- Dotación:
 - Aula dixitalizada (BOE 23/9/2021): equipamento dixital interactivo para crear unha aula na que se poidan impartir clases por videoconferencia, que se poidan gravar, para o seu emprego na ensinanza mixta (presencial e a distancia).
 - Ordenador de profesorado para a aula taller de tecnoloxía + proxector.
 - Gafas de realidade virtual: 10, nova dotación para a aula de informática.
 - Cámaras web: 5, nova dotación para a aula de informática.

- Actualización de equipos informáticos obsoletos:
 - Portátiles do profesorado nas aulas E-Dixgal: 8
 - Monitor do profesorado na aula de informática I.
 - Equipos de sobremesa para aula informática I: 10
 - Ordenador de sobremesa de Orientación.
 - Ordenadores de profesorado de tódalas aulas se se volve á distribución do alumnado en aula-docente.

Servizos:

- Precísase unha aplicación de comunicación entre o profesorado que permita non ter que empregar plataformas externas. AbalarPro pode ser unha boa opción se nela se desenvolve algunha funcionalidade de comunicación directa entre o profesorado do centro que permita tamén achegar imaxe, audio e vídeo.
- Urxe a creación dun servizo áxil de resolución de incidencias informáticas, quizáis unha atención por área xeográfica, de xeito que se poida prescindir da contratación de servizos externos para poder manter a actividade docente.

4. Avaliación do plan

Para seguir o desenvolvemento do plan dixital e a consecución de obxectivos realizarase:

Avaliación do proceso.

- 1ª semana de setembro: O equipo de dinamización do Plan dixital (EDPD) fará unha revisión do mesmo para valorar e levar a cabo, se foran precisas, as adaptacións á situación do centro no novo curso,
- Última semana de cada mes: Apoiándose nas táboas do plan de acción, o EDPD fará seguimento do estado das actuacións previstas para ese período, rexistrando nas táboas o grao de consecución dos obxectivos propostos e proponendo modificacións para acadalos cando sexa necesario.
- Unha vez ó trimestre: Exporase ante o claustro o grao de desenvolvemento do plan dixital para a súa valoración e a recollida de suxestións e propostas de mellora.

Avaliación final.

Ó remate do curso académico farase:

- Análise DAFO da situación dixital do centro trala aplicación do Plan dixital.
- Revisión da consecución dos obxectivos propostos, seguindo as táboas do plan de acción.

Coa información obtida reformularase o Plan dixital para presentalo a claustro e consello escolar antes da súa aplicación no seguinte curso.

5. Difusión do plan

O Plan dixital deseñado polo grupo de traballo remitirase por correo electrónico ós membros do claustro e do consello escolar. En xuntanza posterior de cada un destes órganos de goberno explicarase o plan para decidir sobre a súa aprobación.

Unha vez aprobado o Plan dixital:

- Publicarase na web, no apartado *O centro/Documentos de centro*.
- Informarase de dita publicación a:
 - Familias: mediante o envío dunha comunicación a través de abalarMobil, indicando onde poden consultar o Plan dixital.
 - Profesorado: a comezos de curso, trala incorporación do novo profesorado, volverase informar sobre o Plan dixital en claustro e enviarase a tódolos seus membros a ligazón ó aloxamento do mesmo na web.